

“Crise: O papel da Competencia”.

Fernando Varela Carid. Vogal do TGDC.

**Artigo publicado o domingo, 24 de maio de 2009 no suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

O impacto da crise económica sobre as economías española e galega está sendo severo, con graves consecuencias sobre a produción, o emprego e a demanda agregada. Neste entorno de notables restricións crediticias e compresión de marxes, o mais probable, e así se esta vendo xa en diversos sectores, é que se produza unha tendencia á redución da competencia efectiva nos mercados, que se vai traducir nun previsible incremento da colusión, no reforzamento dos abusos da posición de dominio ou no aumento das practicas de competencia desleal. Para as empresas, a finalidade, en calquera deses tres casos, é a mesma: limitar as consecuencias da crise, evitar a redución dos ingresos e a caída de beneficios e, chegado o caso, a desaparición mesma da empresa.

Outra manifestación relevante da crise no ámbito da competencia é a presión sobre as autoridades públicas para que se aumenten as axudas ao sector privado e se flexibilicen os criterios para a súa concesión. Na maioría dos casos, trátase de axudas plenamente xustificadas, pola importancia crítica do sector para o resto da economía, como sucede co sector financeiro, ou polo seu efecto arrastre sobre outros sectores próximos, como é o caso do automóbil. A eses sectores estratéxicos vanse sumando outras áreas da actividade económica tamén afectadas, en maior ou menor medida, pola crise, mesmo colectivos empresariais tales como as PYMEs ou os empresarios autónomos.

Ante esa situación, por unha parte, debemos estar precavidos e reforzar os mecanismos de supervisión e control dispoñibles para garantir o cumprimento das normas da competencia –cuestión que corresponde fundamentalmente ás autoridades de competencia, pero tamén aos posibles axentes económicos- que podan sentirse afectados-.

Por outra parte, debemos reafirmarnos no recoñecemento da competencia como un factor decisivo para conseguir un axeitado funcionamento do mercado, en cuanto mecanismo de asignación eficiente de recursos, e para facilitar unha pronta e segura saída da crise que redunde nun crecemento máis forte no futuro.

As Administracións Públicas poden xogar un papel moi relevante para favorecer o mantemento da competencia nestes momentos críticos. Ao estableceren o marco regulatorio no que se desenvolve a actividade empresarial e mediante a súa actuación administrativa diaria, os poderes públicos poden potenciar os elementos que permitan acadar un nivel axeitado de competencia ou instaurar cautelas que impidan unha minoración da competencia efectiva no mercado.

Isto é especialmente certo no caso das axudas ao sector privado. O papel da Administración resulta crucial. Evitar o mantemento de empresas inviables e non propiciar, directa ou indirectamente, condutas de competencia desleal son cometidos ineludibles nestes momentos, por mais que as difíciles circunstancias actuais conviden ao contrario. Calquera restrición da competencia neste ámbito non só debe estar debidamente xustificada, senón tamén debe ser temporal, transparente e baseada en principios de equidade.

Como sinalou recentemente o secretario xeral da OCDE, Angel Gurría, ao facer un chamamento para que se sigan cumprindo as normas de competencia, compre evitar que as solucións de hoxe se convertan nos problemas de mañá. Por iso, as solucións que se adopten desde o sector público deben ser compatibles coa eficiencia económica, o benestar dos consumidores e os obxectivos de crecemento a medio e longo prazo.